**SAUDIÑA**

Nº 9 - Decembro de 2002

Edita

Xunta de Galicia

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de Saúde Pública

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e

Formación Profesional

Consellería de Industria e Comercio

Instituto Galego de Consumo

Tiraxe

25.000 exemplares

Consello de redacción

Ángeles Abelleira Bardanca

José Luis Aboal Viñas

Esther Álvarez Fernández

Manuel Amigo Quintana

Milagros Blanco Pardo

José Manuel Coteló Amado

Manuel Barral Castro

Emilio Antonio García Fernández

José Graña Carrodegua

Julia González-Zaera Barreal

Josefina Mosquera Roel

M^a Jesús Muñoz Chesa

Aurora Pazos Feijoo

Florentina Peliquín Pérez

Marisé Pérez Mariño

M^a Pilar del Mar Pérez Marsó

Antonio Rivas Menéndez

Victor Tello Calvo

Juan Carlos Yürss Arruga

Colaboran neste número

María Isabel Abelleira Bardanca, Juan Aguilar Madrazo,

M^a Carmen Álvarez Casal, Santa Ameijeiras Marra,Begoña Ballesteros Furones, M^a Jesús Buitrago Rubira,

Carmen Rosa Calleja Sánchez, Amancio Delgado,

Colectivo Cholo e Nela 2002, Gemma M^a Delgado

Rodríguez, Juan Ramón Domínguez Cela,

M.^a Victoria Esteban Riesco, Ana Fernández Maestro,Rosa M^a Fernández Sánchez, José M^a González Cubelos,Luis Alberto González Díez, M^a Paz Gutiérrez Abella,

Carlos López, Carlos López Vidal, José A. Martínez,

José Antonio Martínez González, José Manuel Pazos

Riveiro, Ana Raquel Prieto García, Rosa Rey Amoedo,

Ángeles Rivela Machado, Modesto Rodríguez Centrón,

Antonio Rodríguez Fernández, Javier Foo. Rouco Ferreiro,

Jurjo Torres Santomé, Lourdes Varela Vázquez,

Paz Villar San Martín

Xestión da edición e distribución

Manuel Amigo, Julia González-Zaera,

Juan Carlos Yürss, Inés Sarceda

Deseño gráfico e coordinación de impresión

Permuy Asociados

ISSN: 1138-9117

Depósito legal: C-1937/93

A editorial non se fai responsable, en ningún caso, das opinións expresadas polos autores e autoras que asinan os artigos publicados.

Impreso en papel ecolóxico

Entrevista a **Fernando Márquez**

Médico especialista en psiquiatría e experto en bioética

O fenómeno da incorporación masiva da muller ó traballo xunto coa revolución tecnolóxica que se está a vivir, provocan cambios de tal magnitude na familia, o traballo e o deleite do ocio que os patróns de control e educación que axudaban a orienta-la vida dos membros máis novos da sociedade, quedaron obsoletos ou están sufrindo cambios radicais.

Para que nos axude a darifica-las consecuencias que pode carrega-la nova situación para a saúde mental do alumnado que habita as nosas aulas, e por extensión, da comunidade educativa, conversamos con Fernando Márquez Gallego.

A historia da moderna psiquiatría galega é a historia de Fernando Márquez. Este psiquiatra vinculado coa educación a través de relacións familiares e de longa e profunda amizade con mestres e mestras que proceden dos movementos máis vangardistas da renovación pedagóxica, segue atento e inqueda as novas situacións que se están a producir nos centros.

¿Cre que as familias actualmente perden o control na educación dos seus fillos e fillas?

En ocasións pérdeno pero o máis frecuente e que non teñan claro cáles son ás súas funcións, as súas responsabilidades na educación dos seus fillos. Existe confusión respecto ó coñecemento do seu oficio de pais e depositan, de forma excesiva, as súas responsabilidades educativas en terceiras persoas (avós, cuidadores, mestres) ou en institucións (educativas, sociais...)

Na actualidade as familias tentan evitárlle-los problemas cotiás ós seus fillos. É dicir, a morte de familiares, así como as enfermidades e os problemas económicos, téntanse ocultar por mor de evitarlles sufrimentos ás criaturas. ¿Considera que este tipo de actuacións é correcta, ou a longo prazo, pode carrexar consecuencias non desexables?

O proceso de maduración persoal inclúe facer fronte, progresivamente, ás dificultades e conflitos que produce, inevitablemente, a aventura de vivir. Evitarlles ós fillos as dificultades, as perdas, intentando protexelos da vida (sobreprotección) non os adestra para a súa solución e os fai máis dependentes e indefensos. "Hai que acompañalos fillos e fillas e axudalos a superar de forma apropiada os avatares vitais, pero sen facelo por eles/as".

Continuamente lemos na prensa casos de "violencia doméstica", de "aumento de violencia nas aulas", de "violencia como forma de expresión na adolescencia". ¿Observa a miúdo que a violencia se instala ocultando situacións dramáticas? ¿Que tipo de situacións?

Na violencia poden estar implicados factores individuais (biolóxicos-psicolóxicos),

familiares (interacción con grande expresión emocional ou abuso de diversos tipos) sociais (económicos, educativos, patróns familiares intolerantes ou agresivos, contexto sociocultural, crenzas...). Violencia sempre supón unha falta de respecto polo outro, e o intento de impoñerlle-los desexos propios sobre os lexítimos desexos dos outros, utilizando a forza, o medo, a ameaza, a superioridade que adoitan ser reflexo de situacións vividas, ignoradas ou alentadas no contorno próximo da persoa que sofre a violencia.

"Hai que acompañalos fillos e fillas e axudalos a superar de forma apropiada os avatares vitais, pero sen facelo por eles/as"

¿Como actúan as situacións de violencia na formación da autoestima, da autonomía persoal e en definitiva, da formación da personalidade?

As situacións de violencia crean medo, inseguridade, desconfianza nun mesmo, e nos outros (tanto máis graves canto máis próximas e importantes sexan para o neno, as persoas que o violentan). Transmiten a idea á vítima de desvalorización, de non ser respectada, e que só a submisión ou a mentira para aparentalo que non se é, é aceptable para os abusadores.

Nese escenario québrase a autoestima e a autonomía das vítimas, así como a interacción enriquecedora e construtiva co seu contorno. En ocasións, por complexos mecanismos psicolóxicos, de forma aparentemente paradoxal, prodúcese unha aprendizaxe e imitación das condutas violentas polas propias vítimas, que se poden converter en verdugos para outros (a quen consideren máis débiles reproducindo así unha espiral dramática).

¿Como deberían actuar los docentes cuando observan o intúen que o seu alumnado vive situacións de violencia?

En principio, os docentes han de observar, estudar e coñecer-lo caso e a situación concreta, tanto en relación co neno como co seu contorno familiar e social, así como as súas interaccións con familia e pares. É preciso establecer un diagnóstico básico da situación, e valora-la necesidade de apoio psicopedagóxico e/ou de saúde mental segundo os casos. En xeral, unha actuación acordada cos pais e persoas significativas para o neno e monitorizada ó longo do proceso educativo, manténdoa congruentemente tamén nos cambios de nivel educativo, pode ser suficientemente efectiva en moitos dos casos (os máis numerosos que adoitan se-los menos graves, pero importantísimos para previr agravamento ou cristalización dos conflitos).

As revistas especializadas infórmanos do aumento entre o alumnado máis novo, de trastornos relacionados coa angustia e coa ansiedade. ¿En que consisten estes trastornos? ¿Cal é a súa orixe? ¿Como podemos actuar los docentes para aliviar estas situacións?

A ansiedade e a angustia forman parte das reaccións dos seres humanos ante os riscos, perigos, e incerteza que acompañan a súa vida. Existe unha ansiedade normal, *adaptativa*, proporcionada en intensidade ó perigo, transitoria, e que desaparece e permite gañar experiencia e adestramento para superar novas probas. Existen situacións de ansiedade que se producen por *desbordamento*, por reactividade excesiva que xeran dificultades engadidas ou indican a existencia doutros problemas de saúde mental: finalmente, existen trastornos específicos de ansiedade, como entidades *patolóxicas* diferenciadas, como poden ser fobias escolares, ansiedade de separación, ansiedade xeneralizada con angustia anticipada ós problemas (medo ó medo, estrés postraumático...). Na ansiedade adaptativa, a resposta será reaseguradora

"A orientación cara á calidade do ensino debe acompañarse de políticas activas que promovan a recuperación dun respecto, dignidade e recoñecemento social, acordos co relevante papel que na nosa sociedade deben te-los docentes"

e de apoio ós nenos. Na angustia, sinal doutros problemas e na angustia como enfermidade específica, xustificárase a solicitude de asesoramento ás unidades ou profesionais do ámbito da saúde mental.

Nos últimos anos, o profesorado ten que asumir unha problemática para a que di non estar preparado. Estámolos a referir ó fenómeno da inmigración e da atención de nenos e nenas diferentes en canto a capacidade, lingua, cultura, etc. ¿Que tipo de axuda cre vostede que se debería achegar para que esta integración fose real e positiva para quen a experimenta?


O traballo de integración de persoas procedentes doutras culturas require formación complementaria e obxectivos claros. Ó meu modo de ver, penso que ten que suxerirse unha dobre perspectiva de parte do profesorado, e as institucións educativas e sociais han de facer un esforzo de integración activo de carácter, non só colectivo, senón fundamentalmente individual e personalizado no neno e na súa familia para integralos na comunidade educativa de maneira axeitada. Tamén é preciso transmitir-la idea de que a familia e os nenos emigrantes, deben cooperar activamente, e non só por obriga, no proceso de integración que supón, da súa parte, un esforzo para achegarse ó coñecemento dos patróns de intercambio e interacción básicos, da sociedade que os acolle.

¿Cre que nun futuro inmediato se xeneralizarán programas comunitarios que incidan na formación deste alumnado en canto á consecución de hábitos de vida saudables e valores democráticos?

Considero esencial e urxente a potenciación de programas de integración activa para os emigrantes e os seus fillos, que permitan dotalos de ferramentas, de intercambio e comunicación (idioma, coñecemento básico de historia, cultura da sociedade de acollida), e do marco xurídico básico como escenario de mínimos para a vida pública na nosa sociedade: a promoción de valores democráticos esenciais que se consideran por riba do relativismo cultural (dereitos humanos fundamentais, valores propios dunha sociedade laica, cultura tolerante e baseada na razoabilidade e no diálogo), e que se configuran en torno á dignidade humana e ó concepto de cidadanía.

Por último, gustaríanos saber a súa opinión sobre a incidencia que ten na saúde mental do profesorado a violencia como forma de expresión da adolescencia nas aulas. ¿Cre que podería mellorar sen aumenta-los recursos que se dedican á educación?

A sensación de desbordamento e perda de control no proceso educativo vivido polo profesorado, especialmente, no ensino secundario, pon á proba o equilibrio psi-



quico e o tempero dos ensinantes e das institucións educativas, e produce con crecente frecuencia, malestar, fatiga e queima dos ensinantes, e perda de confianza na capacidade das institucións educativas para influír, significativamente, no proceso de formación, e educación dos nosos adolescentes. Parece necesario:

- Buscar unha alianza básica, e recuperalo sentido xenuino da chamada comunidade educativa, como escenario onde conflúen os principais actores do proceso educativo que teñen que converxer e cooperar no logro dos obxectivos esenciais do proceso educativo.
- Asemade, é preciso completar e cumprir-la formación continuada do profesorado tanto na mellora de actitudes, como de coñecementos e habilidades ó respecto.
- Recuperar valores esquecidos como o esforzo e a orde básica, compatibles coa tolerancia e a liberdade lexítima expresada polo alumnado.
- E ademais, o respecto entre docentes e discentes, que sendo próximos e accesibles, teñen que ser capaces de soste unha posición de asimetría funcional e estrutural, e unha relación mestre-alumno digna do dito nome.

Todo isto debe producirse nun contexto que promova a mellora das condicións estruturais e laborais, así como de sistemas de asesoría técnica e apoio que permitan unhas prácticas educativas orientadas cara á maior calidade, e non soamente á supervivencia. Esta orientación cara á calidade debe acompañarse de políticas activas que promovan a recuperación dun respecto, dignidade e recoñecemento social, acordos co relevante papel que na nosa sociedade deben te-los docentes.